



XUNTA DE GALICIA

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DE LUGO. SERVIZO DE ENERXÍAS RENOVABLES E INFRAESTRUTURAS

Anuncio

PAGAMENTO DO PREZO XUSTO POLA EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO "PARQUE EÓLICO FARRAPA II" (EXP. 066-EOL). EMPRESA BENEFICIARIA: NORVENTO, S.L.U.

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

PE-FARRAPA (Exp. 066-EOL)			
CONCELLO	DATA	FINCA	HORA
Abadín	29.07.2025	1	10:00
		11	10:15
		24	10:30
		43, 45	11:00
		49, 50	11:30
		5, 26, 27,	12:30

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advérteselles que os pagamentos realizaránse nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957 (BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 16 de abril de 2025.- O director territorial, Jesús Montouto González.

R. 1072

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O EXERCICIO 2025

En cumprimento do que dispón a lei reguladora das bases de réxime local e o artigo 70 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, o Concello de Becerreá anuncia que, por Acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de abril de 2025, se aproba a oferta de emprego público desta corporación para o exercicio 2025, incluíndo as seguintes prazas coas seguintes características:

Persoal funcionario:

- Auxiliar administrativo.

Escala Administración Xeral, Subescala auxiliar (Subgrupo C2).

Oposición libre.

- Administrativo.

Escala Administración Xeral, Subescala administrativa (Subgrupo C1).

Concurso-oposición promoción interna.

Becerreá, 21 de abril de 2025.- O Alcalde-Presidente, D. Manuel Martínez Núñez.

R. 1073

BÓVEDA

Anuncio

Aprobación da oferta de emprego público 2025

En cumprimento do artigo 70.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, faise público que, de acordo co artigo citado e co artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, por Resolución de Alcaldía 2025-221, de data 21/04/2025, mediante avogación de competencias, aprobouse a Oferta de Emprego Público do Concello de Bóveda (Lugo) para o ano 2025, que comprende as prazas de persoal, dotadas orzamentariamente, e que se relacionan a continuación:

Núm. vacantes	Denominación	Grupo	Tipo de persoal	Sistema de acceso
1	Traballador/a Social	A2	Laboral fixo	Concurso-oposición libre

Bóveda, 21 de abril de 2025. O Alcalde, D. José Manuel Arias López.

R. 1074

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CONVOCATORIA PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES, EN RÉGIMEN DE CONCURRENCIA NO COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS DEL AYUNTAMIENTO DE MONFORTE QUE PARTICIPEN EN CAMPEONATOS DE ESPAÑA, DE EUROPA O MUNDIALES ENTRE EL 14.10.2024 Y EL 13.10.2025

BDNS (Identif.): 827487

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/827487>)

OBJETO DE LA SUBVENCIÓN:

El objeto de la presente convocatoria es la ordenación del procedimiento aplicable para la concesión de subvenciones, en régimen de concurrencia no competitiva, a los clubes deportivos del Ayuntamiento de Monforte que participen en campeonatos de España, de Europa o del mundo propios de su modalidad deportiva

BENEFICIARIOS:

Las asociaciones y clubes deportivos legalmente constituídos, que estén inscritos en el Registro Municipal de Asociaciones Deportivas, que tengan su domicilio social en el Concello de Monforte de Lemos y que cumplan, además de los señalados en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, y en el art. 10 de la Ley 9/2007, del 13 de junio, de Subvenciones de Galicia, los requisitos establecidos en las Bases

CUANTÍA Y LÍMITES DE LAS SUBVENCIONES:

Las cuantías establecidas son las siguientes:

MODALIDADES DEPORTIVAS DE EQUIPO (fútbol, voleibol, baloncesto, etc.):

Participación en un campeonato de España 1.000,00 €

Participación en un campeonato de Europa organizado en España 1.000,00 €

Participación en un campeonato de Europa organizado fuera de España 1.500,00 €

Participación en un campeonato del mundo organizado en España 1.000,00 €

Participación en un campeonato del mundo organizado fuera de España 2.000,00 €

MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUALES (natación, piragüismo, etc.):

Participación en un campeonato de España 200,00 € por atleta hasta un máximo de 1.000 €

Participación en un campeonato de Europa organizado en España 200,00 € por atleta hasta un máximo de 1.000 €

Participación en un campeonato de Europa organizado fuera de España 300,00 € por atleta hasta un máximo de 1.500 €

Participación en un campeonato del mundo organizado en España 200,00 € por atleta hasta un máximo de 1.000 €

Participación en un campeonato del mundo organizado fuera de España 400,00 € por atleta hasta un máximo de 2.000 €

LUGAR Y PLAZO DE PRESENTACIÓN: La solicitud con el resto de la documentación solicitando la subvención se presentará en el Registro General del Ayuntamiento, Campo de San Antonio s/n, CP 27400, Monforte de Lemos, Lugo o por cualquiera de las vías previstas en el artículo 38.4 de la Ley 30/92, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común. El plazo de presentación de solicitudes comenzará al día siguiente de la publicación del anuncio de aprobación de estas normas en el Boletín Oficial de la Provincia y finalizará el 13 de octubre de 2025.

BASES REGULADORAS: Se podrán consultar en la siguiente dirección:

https://www.monfortedelemos.es/sites/default/files/pdf/convocatorias_becas_subvenciones/BASES_SUBVENCIONES_CAMpeonatos_ESPANA_EUROPA_MUNDIAIS_2025_GL.pdf

Monforte de Lemos, 16 de abril de 2025.- El Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1070

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – VIVEIRO**Anuncio****VII PREMIO NOVELA VILAR PONTE AYUNTAMIENTO DE VIVEIRO**

BDNS (Identif.): 827861

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/827861>)

Con la finalidad de rendir homenaje a los escritores Antón y Ramón Vilar Ponte y al mismo tiempo, apoyar y difundir la literatura en lengua gallega, el Ayuntamiento de Viveiro convoca o VII PREMIO DE NOVELA VILAR PONTE.

Las obras tendrán extensión y temática libre.

El plazo de presentación de originales se iniciará al día siguiente al de la publicación de las presentes bases en el Tablón de Anuncios Digital y finalizará el 30 de junio de 2025.

Se establecen dos premios; un primer premio, que consta de 4.000,00 euros, pieza-recuerdo y diploma; y un segundo premio, que consta de 1.000,00 euros, pieza-recuerdo y diploma. El importe de los premios estarán sujetos a la legislación fiscal vigente.

Viveiro, 10 de abril de 2025.- La Alcaldesa, María del Carmen Gueimunde González.

R. 1075

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2025-875 DO 16 DE ABRIL DE 2025 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO LITERARIO E DE ARTES PLÁSTICAS DO DIA DAS LETRAS GALEGAS DO ANO 2025

BDNS (Identif.): 827571

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/827571>)

Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destes premios calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroad/a no Concello de Xove en idade escolar (desde preescolar ata 4º de ESO).

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto co/s traballo/s a concursar na Biblioteca Municipal con data límite 8 de maio de 2025.

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Concurso Literario e de Artes Plásticas a celebrar para conmemorar o Día das Letras Galegas, organizado polo Concello de Xove.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Contía dos premios

Haberá cinco categorías de premios con tres premios (primeiro, segundo e terceiro) por cada unha das categorías

Os premios consistirán en lotes de material escolar cunha valoración de 30 euros. Os traballos premiados poderán ser utilizados polo Concello na realización de publicacións, promocións ou outros. Neste caso, o Concello estará obrigado a que o nome do autor/a do traballo figure nun lugar visible da publicación.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

Xove, 16 de abril de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1071

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM.2025-0882 DO 21 DE ABRIL DE 2025 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DO DÍA MUNDIAL DO MEDIOAMBIENTE “CAL É O TEU LUGAR PREFERIDO DE XOVE” DO ANO 2025.

BDNS (Identif.): 827894

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/827894>)

Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destes premios calquera persoa.

A documentación a presentar será a seguinte:

Folla de inscrición-autoría establecida ao efecto, que deberá presentarse dende o día 1 de maio e ata o 23 de maio de 2025 tanto no Rexistro de Entrada de Documentos (Casa do Concello, camiño real, s/N; 27870, Xove) coma mediante envío a través da sede electrónica <https://xove.sedelectronica.gal>.

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Concurso de fotografía do día mundial do medioambiente “Cal é o teu lugar preferido de Xove”, organizado polo Concello de Xove.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Contía dos premios

Haberá tres categorías, cun único premio por categoría:

Categoría infantil: 60,00 euros

Categoría xuvenil: 60,00 euros

Categoría adulto: 60,00 euros

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co disposto no artigo 75.3 do RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non existe obriga de practicar retención por ningún dos anteriores premios, ao tratarse de importes inferiores a 300,00 euros.

Quinto.- Outra información para os beneficiarios dos premios

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Sexta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Porén, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, no será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.

Xove, 24 de abril de 2025.- O alcalde.- José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1076